

EXPOSICIÓN FILATÉLICA CONMEMORATIVA DOS 150 ANOS DA FACULTADE DE FARMÁCIA

HISTORIA DA FARMACIA A TRAVÉS DA FILATELIA

Como parte dos actos conmemorativos dos 150 anos da fundación da Facultade de Farmacia de Santiago de Compostela, entre as moitas actividades de todo tipo programadas decidiuse organizar unha mostra filatélica que contase a historia da Farmacia a través de motivos postais (selos, cuños, sobres, etc.) que expresasen a súa evolución ao longo do tempo e mostrasen a riqueza de facetas ligadas con ela, así como a súa estreita relación coa sociedade.

Dita exposición, titulada **Historia da Farmacia a través da Filatelia**, foi inaugurada o derradeiro mércores día 7 de novembro polo Vicerreitor de Cultura da USC e o Decano da Facultade de Farmacia, e vense celebrando na Facultade de Filosofía (praza de Mazarelos) con notable asistencia de público. A exposición manterase aberta ata o 23 deste mes.

A mostra responde ao interese dun farmacéutico filatélico, que desexa plasmar a historia da súa profesión mediante unha colección temática de Farmacia. Nada é estático: nin a ciencia farmacéutica que aquí se pretende reflexar, nin a Filatelia que sirve de vehículo para iso. É obvio que a exposición non é unha simple colección de selos, xa que a Filatelia abrangue tamén os textos impresos nos sobres e outros soportes, así como os cuños. Deste xeito superase a Filatelia tradicional (selos relacionados co tema) para xuntarse coa Historia Postal e abrir o abano a outras fontes de estudo e investigación filatélicas (sobres, tarxetas postais, cuños, etc.).

A colección obxecto da mostra foi cedida polo **Dr. Vicent Baixauli Comes** e abarca os seguintes apartados:

1. ORIXINES DO ARTE DE CURAR: PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS
 - 1.1 O pobo grego
 - 1.2 O pobo romano
 - 1.3 O cristianismo
 - 1.4 O pobo árabe
2. IDADE MEDIA: SEPARACIÓN DA MEDICINA E A FARMACIA
 - 2.1 Principais escolas e Universidades
 - 2.2 Farmacias monacais e hospitalarias
 - 2.3 Organizacións profesionais
3. RENACEMENTO: TRANSCENDENCIA CULTURAL E CIENTÍFICA
 - 3.1 Descubrimento de América
 - 3.2 Literatura farmacéutica
 - 3.3 Desenrolo da Farmacia
4. AVANCES CIENTÍFICOS: AS CIENCIAS NATURALS
 - 4.1 Xardíns botánicos
 - 4.2 Científicos e primeiras Academias
 - 4.3 Expedicións naturalistas

4.4 Andazos e vacinacións

5. A FARMACIA CONTEMPORÁNEA

5.1 Farmacia Militar

5.2 Fundación de Facultades de Farmacia

5.3 Organización sanitaria. Evolución

5.4 A Guerra Civil

6. A FARMACIA ACTUAL

6.1 Servicios profesionais


6.2 Filatelia farmacéutica

6.3 Publicidade farmacéutica

6.4 Cultura Farmacéutica

6.5 Asociacións e congresos profesionais

7. A FARMACIA EN GALICIA



HISTORIA DA FARMACIA
A TRAVÉS DA FILATELIA
150 ANIVERSARIO FACULTADE DE FARMACIA



EXPOSICIÓN

7 - 23 de Novembro de 2007
Facultade de Filosofía - Praza de Mazarinos





